



PLAN DIXITAL

CEIP Plurilingüe Virxe do Corpiño

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Código	Denominación
27000897	CEIP VIRXE DO CORPIÑO

Enderezo		C.P.
RÚA DA IGREXA S/N		27373
Localidade	Concello	Provincia
BEGONTE	BEGONTE	LUGO
Teléfono	Correo electrónico	
982870089	ceip.virxe.corpinho@edu.xunta.gal	
Páxina web		
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvirxecorpinho/		

EDUCACIÓN INFANTIL			
3 ANOS	4 ANOS	5 ANOS	TOTAL
8	10	11	29

EDUCACIÓN PRIMARIA						
1º	2º	3º	4º	5º	6º	TOTAL
3	6	6	6	9	12	42

Cadro de persoal do centro educativo	
EDUCACIÓN INFANTIL	3
EDUCACIÓN PRIMARIA	4
MESTRES/AS ESPECIALISTAS	6
ORIENTADOR	1
PERSOAL NON DOCENTE	4
TOTAL	18

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CEIP Plurilingüe Virxe do Corpiño está situado na vila de Begonte, capital do concello do mesmo nome, no sur da comarca da Terra Chá, na provincia de Lugo. Conta cunha extensión de pouco máis de 127 km cadrados e unha poboación de 3.000 habitantes repartidos en 19 parroquias, segundo datos do Instituto Nacional de Estatística.

A evolución demográfica da zona atópase en pronunciado descenso. Predominan as familias cun ou dous fillos convivindo, na maioría dos casos, avós/as, nais, pais e fillos/as no mesmo núcleo familiar. A poboación e os asentamentos humanos distribúense en núcleos atomizados e dispersos, moitos dos cales constitúen zonas de sombra en canto á cobertura de datos se refire. Ademais, unha alta porcentaxe das nosas familias contan con moi poucos ou ningún recurso dixital no seu fogar e pouca ou nula formación neste eido.

Unha das finalidades do noso proxecto educativo é que o alumnado aprenda, se forme e se desenvolva como individuo da sociedade na que vive. En consecuencia, a propia organización vai mellorando a través da súa práctica e da reflexión sobre ela, así como das relacións que establece coa súa contorna.

Non hai que esquecer, que a Competencia Dixital é unha das competencia clave que o noso alumnado debe de acadar ao finalizar a Etapa de Educación Primaria.

O noso proxecto educativo persegue unha escola:

- **Progresista:** que mira cara ao futuro, o cal é imposible sen as novas tecnoloxías, os futuros cidadáns estarán embebidos nunha sociedade na que a importancia de ser capaz de seleccionar a información, sendo crítico con ela, convértese nun punto vital.
- **Integradora e igualitaria:** a brecha tecnolóxica sempre foi un hándicap para o logro desta integración, para a igualdade do alumnado, pero as diferenzas víronse agravadas pola pandemia e a desconexión que sufriu o alumnado con maiores dificultades.

- **Plural:** falamos do dereito á liberdade de pensamento, ideas ou opinións, do dereito á igualdade, e todo isto nos medios de comunicación virtuais cobra especial importancia na actualidade.

O Plan Dixital de centro, asimismo, axudará á consecución dos seguintes obxectivos establecidos na Programación Xeral Anual:

- Incluir no Proxecto Educativo, nas programacións didácticas e na Programación Xeral Anual a implementación de metodoloxías colaborativas e novidasas: E-Learning, mobile learning, ABP, Fablab, HackLab...
- Continuar coa consolidación e desenvolvemento dos proxectos de innovación existentes no centro: Introducción da robótica educativa na educación primaria, Digicraft en tu cole...

1.3. Breve xustificación do mesmo

Co fin de promover e garantir o desenvolvemento dun marco de acción que permita acordar e coordinar diversos aspectos que afectan ao uso das tecnoloxías na educación, desde aqueles relacionados con cuestións organizativas, ata outros máis pedagóxicos e propios dos procesos de ensino e aprendizaxe, resulta necesaria a elaboración do Plan Dixital do noso centro. A implementación de devandito plan, atópase fundamentada no Marco Legal vixente:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022

- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

A elaboración do plan dixital do centro realizouse en varias fases:

1. **Diagnose e análise da información:** levada a cabo pola meirande parte do claustro e do alumnado do centro a través da realización do Tes de Competencia Dixital Docente e o Test Selfie. A partir da información obtida realizouse unha análise das debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades do noso centro en relación ao Plan Dixital.
2. **Establecemento de obxectivos e Plan de Acción:** a partir do establecido na análise DAFO, o equipo directivo redactou unha serie de obxectivos e as liñas prioritarias de actuación, así como a temporalización e os recursos necesarios para a consecución dos mesmos.
3. **Redacción do Plan:** na última fase, o equipo directivo redactou o documento definitivo para a súa aprobación por parte do Claustro e do Consello Escolar do Centro.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- *Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro:*
 - ✚ Infraestrutura de datos (conectividade a internet) Programa “Escolas Conectadas”.
 - ✚ Infraestrutura de voz: conexión activa no despacho de dirección.
 - ✚ Conexións cableadas, sen fíos e electrónica de rede: (rede principal, secundaria e rede Abalar)

- *Equipamento dispoñible:*

<i>Aulas dixitalizadas</i>	<i>9 aulas completamente dixitalizadas</i>
<i>Proxecto E-Dixgal</i>	<i>2 aulas con equipamento E-Dixgal</i>
<i>Equipos de xestión e administración</i>	<i>2 ordenadores de mesa e unha impresora</i>
<i>Uso na biblioteca</i>	<i>1 ordenador de mesa para xestión de fondos e 2 portátiles e 2 tabletas para uso do alumnado.</i>
<i>Equipos para uso nas salas de profesorado e departamentos</i>	<i>2 ordenadores e dous equipos de impresión na sala de mestres</i>
<i>Polo Creativo</i>	<i>Robots Mbot, Bee Bot, impresora 3D, 12 tabletas Digicraft.</i>

- **Servizos dixitais educativos:** páxina web do centro, aula virtual, E-Dixgal, espazoAbalar, Abalarmóbil, blogs, Canle de Youtube e Redes Sociais (Facebook, Instagram e Twitter).
- **Xestión do mantemento do equipamento do centro:** Para os problemas de conectividade recurrimos á Unidade de Atención a Centros e á AMTEGA. Para o mantemento de toda a infraestrutura Abalar (equipos, conectividade...) recurrimos ao Servizo Premium da Consellería. Mentres que para o mantemento dos equipos informáticos recurrimos a unha empresa local por unha cuestión de operatividade e rapidez que, ata o de agora, non ofrece a administración.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Informe SELFIE

Areas	Grupos	ETAPA
		Primaria
A - Liderado	Equipo Direct.	4
	Profesorado	4,3
	Alumnado	---
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	4
	Profesorado	4,2
	Alumnado	3,8
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,5
	Profesorado	4,3
	Alumnado	4,1
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4,2
	Profesorado	4,5
	Alumnado	---
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4,5
	Profesorado	4,1
	Alumnado	---
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	4,3
	Profesorado	4,1
	Alumnado	3,4
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3,6
	Profesorado	3,5
	Alumnado	---
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	4,1
	Profesorado	4,2
	Alumnado	3,9

Test CDD

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>5</u>	<u>8</u>	<u>62,5%</u>
PROVISIONAL	<u>2</u>	<u>3</u>	<u>66,7%</u>
INTERINO	<u>1</u>	<u>1</u>	<u>100%</u>
SUBSTITUTO	<u>0</u>	<u>1</u>	<u>0%</u>
DESPRAZADO	<u>0</u>	<u>0</u>	<u>0%</u>

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
69,5	<u>Integrador/a (B1)</u>	76,4	<u>Integrador/a (B1)</u>

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	<u>71,8</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	68,2	<u>Integrador/a (B1)</u>
PRI	<u>67,7</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	77,0	<u>Integrador/a (B1)</u>

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
Explorador/a (A2)	5	62,5%
Integrador/a (B1)	1	12,5%
Experto/a (B2)	1	12,5%
Líder (C1)	1	12,5%
TOTAL	8	100 %

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Ordenadores, tabletas e pizarras dixitais en todas as aulas e na biblioteca. ✓ Impresoras conectadas aos ordenadores das aulas 	
	PERSONAL DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Algúns mestres/as contan con formación en competencia dixital. ✓ Organización de proxectos de formación no centro orientados cara a mellora da competencia dixital do profesorado. 	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Emprego de metodoloxías tradicionais e acomodación por parte dalgún mestre/a. ✓ Formación moi básica en competencias dixitais dalgún mestre/a. ✓ Desinterese por introducir novas formas de organización e metodolóxicas nalgún mestre/a.
	PERSONAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Interese por parte do alumnado no emprego dos recursos dixitais. 	
	FAMILIAS		<ul style="list-style-type: none"> ✓ Numerosas familias con escasa formación en competencia dixital.
	OFERTA	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Aulas E-Dixgal en 5º e 6º de Primaria ✓ Desenvolvemento do Plan de Introducción á robótica educativa ✓ Desenvolvemento do Proxecto Digi-craft en tu cole ✓ Orientación das horas de libre configuración en 4º e 6º de primaria cara o desenvolvemento da competencia dixital. 	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Concienciación por parte do equipo directivo da importancia do emprego das Tics no proceso de ensino-aprendizaxe e da posta en marcha dun Plan Dixital realista e ben adaptado. 	

		<ul style="list-style-type: none"> ✓ Empréganse, de forma maioritaria, ferramentas dixitais para a comunicación no centro (alumnado, familias e mestres/as) ✓ No centro foméntase o intercambio de experiencias sobre a ensinanza con tecnoloxías dixitais. ✓ Páxina web do centro actualizada coa información necesaria. 	
--	--	--	--

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Acceso ao servizo Premium do Proxecto E-dixgal ante calquer problema ou dificultade nas aulas E-Dixgal ✓ Creación da biblioteca en liña “Elbe.2” por parte da administración. ✓ Repositorio de contidos do espazo abalar a disposición de alumnado e mestres/as. 	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Excesiva burocracia e papeleo. Cada vez máis. ✓ Escasa liberación horaria para a coordinación. ✓ Falta de axudas económicas ou dotacións por parte da administración. ✓ Numerosas aulas mixtas que requiren dun gran esforzo.
	LEXISLACIÓN		
	CONTORNA		<ul style="list-style-type: none"> ✓ Falta de conectividade nalgúns fogares. Concello rural con zonas de sombra.
	ANPA	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Anpa moi colaborativa que, periódicamente e de ser necesario, aporta material dixital ao centro. 	
	OUTRAS ENTIDADES	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Empresa allea ao centro que repara equipos informáticos e soluciona problemas técnicos. 	

3. Plan de Acción

Unha vez definido o noso horizonte (cara a onde queremos que vaia o noso centro educativo) e analizada a situación de partida, chega o momento de definir o Plan de Acción.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Unha vez analizada a información, e identificadas as áreas de mellora, o deseño das accións do Plan supuxo levar a cabo os seguintes pasos:

- Determinar os obxectivos que queremos conseguir. Procuramos que fosen:
 1. **Específicos**, é dicir, o máis concretos posibles.
 2. **Medibles**, que respondesen a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible non poderemos saber cando o conseguimos.
 3. **Alcanzables**, é dicir, ambiciosos, pero posibles.
 4. **Realistas**; debemos expornos obxectivos que estean dentro das nosas posibilidades (tanto por recursos dispoñibles como pola motivación para logralos)
 5. **Definidos no tempo**; Isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que nos permitirán alcanzalos.
- Definir os indicadores que permitirán avaliar a consecución ou non dos obxectivos.
- Definir as accións necesarias para alcanzar os obxectivos.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área/s de mellora: INFRAESTRUCTURAS E EQUIPOS						
OBXECTIVO 1	Dotar de monitores táctiles interactivos ao Polo Creativo, aula 04 de primaria e Ximnasio (Pregunta selfie C2)				Acadado	
Responsable	Equipo Directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de aulas con monitores táctiles interactivos					
Valor de partida	9 aulas do centro contan con monitores táctiles interactivos					
Valor previsto e data	A totalidade das aulas do centro contan con monitores táctiles interactivos			30/06/2024		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Dotar aos espazos do centro conequipo tecnolóxico básico.	EQUIPO DIRECTIVO	31/10/2022	Solicitud a UAC (AMTEGA) Procurar financiamento externo ao centro (Concello)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Solicitar a entrada no programa de innovación educativa “Polos Creativos” e empregar parte da dotación económica para a adquisición do equipo	EQUIPO DIRECTIVO	7/09/2022	Proxecto Polos Creativos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Solicitar equipamento á AMTEGA	EQUIPO DIRECTIVO	30/09/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Adquisición dos equipos	EQUIPO DIRECTIVO	30/06/2024	Dotación económica acadada		Realizada	

Área/s de mellora: Desenvolvemento Profesional continuo e Pedagogía:Apoio e Recursos						
OBXECTIVO 3	Implementar estratexias metodolóxicas para o traballo interdisciplinar no polo creativo do centro (Preguntas selfie B2, E2)				Acadado	
Responsable	Xefatura de estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Os mestres/as vinculan de maneira ordinaria proxectos do Polo Creativo co desenvolvemento competencial e curricular					
Valor de partida	O 20% do profesorado desenvolve proxectos interdisciplinares no Polo Creativo do Centro					
Valor previsto e data	O 80% do profesorado desenvolve proxectos interdisciplinares no Polo Creativo do Centro			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Solicitar, a través dun PFPP, formación para desenvolver o traballo no Polo Creativo do Centro	Xefatura de estudos	Data do claustro inicial	Convocatoria do PFPP		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Constituír un GT interdisciplinar para a creación de materiais e posta en marcha de proxectos no Polo Creativo para o desenvolvemento competencial e curricular.	Xefatura de estudos	20/9/2022	Acta de constitución do GT		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Implementar proxectos no Polo Creativo para o desenvolvemento competencial e curricular.	Xefatura de estudos, coordinador/a do GT e mestres/as das diferentes áreas	33/06/2023	Materiais necesarios (robots, impresora 3D, Lego, kits de construción...)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Competencias dixitais do alumnado						
OBXECTIVO 4	Proporcionar ferramentas e estratexias ao alumnado de EP para analizar a fiabilidade da información (Pregunta selfie H4)				Acadado	
Responsable	Persoas titoras de cada grupo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de sesións lectivas dedicadas a analizar a fiabilidade da información ó					
Valor de partida	0 sesións					
Valor previsto e data	4 sesións					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO4.1: Crear grupos de traballo na aula para analizar información	Persoas titoras decada grupo	20/12/2022	Ordenadores para cada grupo de traballo.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: : Elaborar unha rúbrica que se utilizará para analizar información	Persoas titoras decada grupo	20/12/2022	Colgar rúbrica elaborada na AulaVirtual do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Elaborar dous retos con información de difentes sitios web para valorar a súa veracidade por parte do alumnado	Persoas titoras decada grupo	30/6/2023	Aplicacións/ferramentas precisas para a elaboración dos retos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Necesitamos mellorar a Infraestrutura de datos no tocante á conexión cableada de dous espazos de nova creación tralas obras de rehabilitación integral do noso centro. Concretamente o despacho de secretaría e unha das aulas de infantil non contan con conexión a internet por cable.

Asimesmo, debemos mellorar a nosa infraestrutura de voz. Só existe unha conexión telefónica activa no despacho de dirección, cos inconvenientes que iso supón para atender as chamadas. Necesitamos unha conexión de teléfono no despacho de secretaría e na sala de mestres, interconectadas entre sí coa propia conexión do despacho de dirección.

4. Avaliación do plan

A avaliación será realizada polo equipo de dinamización do plan dixital. O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución dos obxectivos, será o seguinte:

No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

A difusión do Plan Dixital entre os membros do claustro realizarase na primeira reunión de claustro do curso. Os/as mestres/as poderán elevar propostas de mellora á comisión de coordinación pedagóxica a través dos correspondentes coordinadores.

A difusión para o resto da comunidade educativa realizarase mediante a publicación do plan en formato .pdf na páxina web do centro. A súa presenza na web garante que poida chegar a toda a comunidade educativa e, dela, pode tamén deducirse a importancia que desde o centro educativo se lle dá á introdución e integración das TIC no proceso de ensino e aprendizaxe.